



Víctor Caamaño Rivas,, portavoz do grupo municipal do BNG de Cambados,

EXPÓN: que, como en anos precedentes, desde o edificio do centro da “Merced”, persoal do concello ven de xestionar o listado de nenos e nenas que solicitan a asistencia aos campamentos de verán que a Deputación ven organizando anualmente na Lanzada. Que ademais algúns pais e nais veñen de manifestar o malestar porque os seus fillos/as, que nunca antes asistirán a ditos campamentos, non foron seleccionados para os deste verán mentres ca outros nenos e nenas repiten en todas as edicións, polo que

SOLICITA: que

A.- Se lle informe, sobre as seguintes cuestións relacionadas con este tema:

- 1.- Cantos nenos e nenas solicitaron, en Cambados, a asistencia aos campamentos de verán da Deputación da Lanzada?
- 2.- A cantos nenos e nenas de Cambados se lles concedeu praza, en ditos campamentos, este verán?
- 3.- É posible coñecer a orde ou posición nas listas dos nenos e nenas que quedan en espera?
- 4.- Realízase, desde o concello, algún tipo de selección previa sobre os solicitantes destes campamentos?

B.- Solicítase, así mesmo, que desde o concello de Cambados se lle esixa á Deputación transparencia na selección dos nenos e nenas (sorteo público e listados públicos de aceptados e excluídos), así como a utilización de criterios que melloren a selección dos solicitantes, impedindo que algúns deles asistan a estes campamentos de xeito reiterativo, mentres ca outros nunca se lles asigna praza.

En Cambados a 11 de xullo de 2011

Asinado: Víctor Caamaño Rivas

SR ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CAMBADOS